

ECOLOXISTAS, CIENTÍFICOS, POLÍTICOS E SECTORES SOCIAIS BUSCAN SOLUCIÓNS

Belén Rodríguez / CERNA

O pasado 20 e 21 de outubro, ADEGA organizou unhas xornadas en Santiago de Compostela para debater sobre a problemática dos incendios en Galiza. As xornadas contaron coa colaboración do Museo do Pobo Galego, a Consellaría de Medio Rural e a Consellaría de Medio Ambiente. Recoñecidos investigadores das universidades galegas, ecoloxistas, asociacións de propietarios, expertos en rexeneración ambiental, sociólogos, sindicatos agrarios e políticos analizaron as causas e as consecuencias de máis de corenta anos de lume en Galiza e, especialmente, da última vaga de incendios sufrida no noso país. A xuntanza acolleu a todos os sectores implicados na problemática do lume e conseguiu encher o aforo da sala de conferencias do Museo do Pobo Galego, demostrando unha vez máis que os incendios son un problema que preocupa e atinxe a toda a sociedade galega.

“A mobilización integral e moral das mellores enerxías do país”, foi como Suso de Toro definiu o encontro organizado por Adegas, no acto de inauguración. O escritor galego referiuse á importancia da relación que mantivemos os galegos e galegas co monte nas diferentes épocas da historia, nas que “nunca deixamos de identificarnos coa terra, a pesares das nosas contradicións; por iso, cando falamos de monte queimado, tamén falamos das queimaduras do noso corpo”.

O VALOR DO MONTE

O valor económico, ambiental e social do monte galego foi o primeiro tema de debate nas Xornadas sobre Incendios. O economista Mario Soliño, o ecólogo Adolfo Cordero e o sociólogo Fermín Bouza centraron os seus discursos nos cambios que ao longo do tempo, e desde as diferentes perspectivas, sufriu o monte en Galiza. Mario Soliño e Adolfo Cordero estableceron os valores do monte en diferentes categorías: valores de uso directo (madeira, caza, pesca, roteiros...) e valores de uso indirecto (funcións ecolóxicas); valores de opción (uso potencial do monte) e valores de existencia (de coñecemento, simpatía, preocupación, respecto por outras especies). Tradicionalmente, todo valor ía asociado a un prezo que procedía da balanza oferta-demanda, pero a mediados do século pasado mudou esta óptica e comezou a falarse da economía ambiental ou daquela que lle pon un prezo aos valores indirectos ou intanxíbeis do medio ambiente. Baixo esta perspectiva, os estudos científicos revelan que se se valorara economicamente todo aquilo que nos dá o monte e se vendera nos mercados, non habería custos suficientes no mundo para substituír eses servizos con tecnoloxía. Estes valores serían o equilibrio entre dióxido de carbono e oxíxeno, a regulación do clima, a depuración das augas, a protección fronte a catástrofes e o control da erosión. Son os servizos que o monte ofrece gratuitamente ás poboacións ou

núcleos urbanos, sen que teñan un prezo asociado.

Para Mario Soliño, investigador do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, a sociedade galega está disposta a pagar por eses servizos intanxíbeis ou indirectos do monte. Disto son exemplos a disposición a pagar pola conservación dos espazos de Rede Natura 2000 e polo aproveitamento enerxético da biomasa forestal. Os galegos e galegas amosan preferencia polas superficies arboradas con especies caducifolias, polas que estarían dispostos a pagar 122 euros anuais per cápita, unha cantidade superior á que demandan os propietarios de terreos dentro da Rede Natura 2000 para a súa conservación.

Adolfo Cordero subliñou a necesidade de coñecer o que é un ecosistema e saber cómo funciona, pois a relación entre as causas e os efectos dunha

Ramsés Pérez





catástrofe ambiental adoita verse tras longos períodos de tempo, cando a sociedade xa ten esquecido o suceso.

Para non esquecerse desa relación causa-efecto e da mudanza na visión dos montes hai que recorrer á historia desde unha perspectiva sociolóxica. Fermín Bouza voltou, na súa exposición, aos tempos primitivos nos que o monte era lugar sagrado, de culto aos deuses e

"Se valoráramos economicamente todo aquilo que nos dá o monte, non habería cartos suficientes no mundo para substituír eses servizos con tecnoloxía"

de conflito cos habitantes das aldeas. Bouza explicou que desde aquela ata a actualidade, a relación entre o home e o monte nunca foi doada. Por unha banda, o monte ofrecía bens e servizos imprescindíbeis para a vida do primitivo, pero tamén constituía unha ameaza para a seguridade dos galegos e galegas do rural. Os procesos de urbanización "van unidos estreitamente ao abandono do monte en calquera época histórica. Tras o abandono masivo do rural a partir dos anos 50, a industrialización e a modernización desordenada dos últimos tem-

pos, o monte perdeu valor e hoxe "non serve para nada". O monte, tal e como era concibido no pasado, desaparece, a economía agraria perde peso na economía mundial, existen dificultades severas para facer fronte ao lume e o mundo rural precisa dunha reestruturación que debe de vir orientada desde a actuación pública dos gobernos.

CAUSAS DOS INCENDIOS FORESTAIS

Sempre houbo dúas posturas, presentadas como antagónicas, sobre as causas dos lumes. Por un lado, quen di que a causa é a existencia de incendiarios que prenden lume e que o problema só se atalla con medidas policiais; por outro lado, quen di que hai causas estruturais ou de fondo. Segundo Xesús Pereiras, biólogo experto en rexeneración ambiental e membro de Adegas, os da primeira posición adoitan ser a Administración forestal e o sector industrial madeireiro; e os da segunda opinión, o movemento ecoloxista e parte dos estudosos sobre a problemática forestal. Porén, estes últimos consideran que as dúas posturas non son incompatíbeis, xa que realmente existen causas de fondo que se deducen a longo prazo e causas máis inmediatas como a presenza de incendiarios nos montes galegos. Hai casos nos que as causalidades próximas non están relacionadas

coas problemáticas de fondo (piromanías, suposto terrorismo incendiario...) e outros casos nos que si.

Xesús Pereiras divide as causas estruturais naquelas que dependen do propio medio físico e naquelas que dependen de variábeis socioeconómicas. As primeiras están relacionadas co clima de Galiza (cada vez máis mediterraneizado), coa topografía galega (en terreos de pendente son máis difíciles as tarefas de prevención e favorece o desvinculamento entre a xente e o monte) e coa

"Hai quen di que a causa é a existencia de incendiarios, e quen di que hai causas estruturais ou de fondo. As dúas posturas non son incompatíbeis"

fertilidade do chan (condiciona a distribución do terreo en cultivado e inculcto). A segunda tipoloxía das causas estruturais baséase en factores socioeconómicos: crise do sistema tradicional agrario, imposición dun modelo forestal produtivista e monocultivista, a economía do lume ligada á extinción e o desenvolvemento urbanístico caótico dos últimos vinte anos. Neste tempo, di Pereiras, a Administración esqueceuse de impulsar políticas de prevención e concentrou todos os seus esforzos en aumentar a superficie arborada do monte galego sen que existira un modelo público de xestión exemplarizante. A maioría da superficie do monte galego pertence a propietarios particulares (xubilados e "urbanitas") que tamén obviaron as súas responsabilidades e se acostumaron a obter a máxima rendibilidade coa lei do mínimo esforzo. Todas estas causalidades son as que propiciaron a maior crise incendiaria de Galiza e a identificación do lume como patoloxía dunha sociedade enferma.

Con estas conclusións concorda tamén o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes de Veciños, Xosé Alfredo Pereira, que falou das causas estruturais desde a óptica dos comeneiros e comeneiras de montes. Os montes veciñais de mancomún son unha figura de xestión e propiedade única en Galiza que está condenada a desaparecer se non muda a política de montes anterior. Pereira tipifica as causas dos lumes en estruturais (abandono do rural, transformación dos usos e funcións do monte, usurpacións da propie-

dade dos montes veciñais pola Administración, desorde urbanístico...), políticas, económicas, sociais e psicolóxicas. As causas políticas son herdanza dun política de montes inexistente, restrinxida á política forestal produtivista e de monocultivo, o incumprimento da Lei de Montes, lexislacións colaterais lesivas (fiscalidade, industrias extractivas, enerxía eólica, ordenanzas municipais...) e intereses encontrados. As prácticas silviculturais inadecuadas e unha política da madeira na que os propietarios saen perdendo e o chan queimado se repoboa con especies pirófitas acaban de definir as causas da progresiva desaparición dos montes comunais.

Na loita contra o lume, Pereira distingue tres facetas: a política de prevención, que está por facer; a política de extinción, que debería de ser competencia exclusiva da Administración; e a investigación, para a que hai que dotar máis e mellores medios e endurecer as penas dos incendiarios. O presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais cre que o goberno galego debería dar pulo ás comunidades de veciños comuneiros como factor imprescindible para o desenvolvemento do rural, acompañado do deseño dunha política de montes radicalmente distinta á anterior. Os fundamentos desta política pasarían pola recuperación do carácter multifuncional do monte na que os montes veciñais foran un modelo de referencia.

Cara unha nova política de montes, unha nova política forestal e a ordenación sustentábel do territorio estaba dirixida a Iniciativa Lexislativa Popular que o ecoloxismo presentou no Parlamento en 1988 pola Conservación,

"As conclusións de hoxe sobre a problemática do lume en Galiza son as mesmas de hai 20 anos, coa engádegas de que neste tempo non se fixo nada para cambiala"

Mellora e Desenvolvemento do Patrimonio Forestal. A iniciativa non foi aprobada polo Parlamento galego a pesares de recoller argumentos fundamentados sobre as causas estruturais e inmediatas do lume que ben se poderían aplicar literalmente á situación actual. Así o considerou Ramón Varela, membro de Adegas e da Comisión Pro-

© Alberte SR



motora daquela ILP a favor dos montes galegos: "as conclusións de hoxe sobre a problemática do lume en Galiza son as mesmas de hai 20 anos", coa engádegas de que neste tempo non se fixo nada para cambiala.

IMPACTOS DOS INCENDIOS FORESTAIS

Os impactos do lume no medio natural son abondosos e graves. O catedrático Francisco Díaz-Fierros explicou cales son as consecuencias dos incendios para o solo, a vexetación, a fauna, o aire e a auga. En canto ao solo, os impactos máis relevantes danse cando as temperaturas acadan entre os 500°C e os 700°C, conseguindo o efecto "mobilización" dos nutrientes do chan. Algúns dos fertilizantes volatilizanse co lume e outros multiplícanse (coma o fósforo). A "mobilización", se se utiliza como o que tradicionalmente se chamaba "cultivo de rozas" pode acadar efectos positivos para a fertilización da terra; mais no caso dos incendios poden derivarse efectos negativos coma a erosión do solo, perigosamente grave, se vai acompañada de posteriores chuvias fortes. Tras o lume, a totalidade da erosión do chan ten lugar no primeiro ano, polo que as medidas de recuperación teñen que ser inmediatas. Sen cuberta vexetal a erosión é moito máis rápida e

o solo pode chegar a ser irrecuperábel. Segundo Díaz-Fierros, a media de erosión física tras un incendio forestal está entre as 20 e 50 toneladas por hectárea e ano.

A reincidencia ou frecuencia dos lumes tamén incide na capacidade de recuperación do chan e da vexetación. Superficies repetidamente queimadas

"Superficies repetidamente queimadas ano tras ano supoñen a progresiva degradación dos valores nutritivos do chan. A súa restauración é moi difícil"

ano tras ano, como é o caso de zonas extensas do Barbanza, supoñen a progresiva degradación dos valores nutritivos do chan e, polo tanto, é moi difícil a súa restauración. Tamén os efectos sobre a vexetación dependen, en parte, da frecuencia dos lumes. Se a reincidencia é de unha vez cada cinco anos nun mesmo lugar, é moi posíbel que non medre o estrato arbóreo; e se a reincidencia é de unha vez cada dous anos, só medra o mato.

Os efectos do lume sobre a fauna non están suficientemente estudados,

XORNADAS DE DEBATE SOBRE OS INCENDIOS FORESTAIS NA GALIZA

20-21 DE OUTUBRO DE 2006
PANEL DE PARTICIPANTES

Suso de Toro, Escritor

Mario Soliño, Dep. de Economía Aplicada, Universidade de Vigo

Adolfo Cordero, Dep. de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Universidade de Vigo

Fermín Bouza, . Dep. de Socioloxía, Universidade Complutense de Madrid

Xesús Pereiras, Biólogo, membro de Adegas

Xosé Alfredo Pereira, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes de Veciños

Ramón Varela, membro de Adegas e da Comisión Promotora da Iniciativa Lexislativa Popular pola Conservación, Mellora e Desenvolvemento do Patrimonio Forestal (presentada en 1988)

Francisco Díaz-Fierros, Catedrático de edafoloxía, Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Francisco Fernández de Ana Magán, presidente da Asociación Forestal Galega (ASFOGA)

Luis Cabanela, Médico e vogal de saúde ambiental de ADEGA

Mercedes Casal, Dep. de Ecoloxía, (USC)

Pablo Ramil, Director do Instituto de Biodiversidade e Produción Vexetal, (USC)

Branca Villares, Coordinadora do voluntariado en defensa do monte galego (ADEGA)

Rosa Mosquera, Escola Politécnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos, (USC)

Manuel Dacal, representante do Sindicato Labrego Galego

Verónica Rodríguez, representante de Unións Agrarias

Alberte Blanco, Director xeral de Montes

Xosé Antonio Portos, Subdirector xeral da Loita contra os Incendios Forestais.

Emilio Fernández, director xeral de sustentabilidade da Consellaría de Medio Ambiente

Adela Figueroa, Presidenta de ADEGA

tas, que son aqueles que se desentenden do coidado do monte (arredor dos 500.000 propietarios). De Ana Magán enfatizou a importancia dos bens tanxíbeis, pero tamén intanxíbeis que produce e ofrece gratuitamente o monte. Á parte da madeira, carne, mel, cogomelos, castañas e enerxía que produce o noso monte, outros bens coma a produción de oxíxeno, de auga de calidade, a retención de dióxido de carbono, a creación do solo, o establecemento de espazos de lecer e a paisaxe son valores obtidos, moitos deles, polo traballo do silvicultor que trata o monte. Polo tanto, son os silvicultores un dos sectores máis afectados polo lume, segundo o representante de ASFOGA: "tras os incendios, o monte queda desvalorizado e o silvicultor desmoralizado". E, en segundo lugar, é a sociedade a grande afectada

"A recuperación nos espazos protexidos é máis complexa e neles debe primar a rexeneración natural"

porque perde todos os ben intanxíbeis que ofrece o monte de balde.

O médico e vogal de saúde ambiental de ADEGA, Luis Cabanela, retratou os efectos do lume sobre a saúde humana. A emisión á atmosfera de inxentes cantidades de fume puido ser a causa directa ou indirecta do falecemento de varias persoas este verán. Unha inmensa nube de fume envolveu áreas densas de poboación ao longo de toda a costa galega e portuguesa. Cabanela, que recomendou á Administración instaurar o sistema americano de detección e información sobre a calidade do aire, abonda nesta cuestión nun artigo deste mesmo número de Cerna.

REXENERACIÓN DO MONTE QUEIMADO

A ecóloga Mercedes Casal deu algunhas técnicas para facer unha recuperación adecuada da cuberta vexetal dun monte queimado. Nesta tarefa, definir os obxectivos da restauración é unha cuestión clave: protexer o chan a curto e medio prazo para evitar a erosión e conservar o chan, instalar comunidades vexetais resistentes ao lume, obter unha cuberta vexetal con estratos arbustivos e arbóreos variábeis e adaptados ao lugar e aumentar a diversidade de especies, sobre todo daquelas que

comentou Díaz-Fierros, pero obsérvanse cambios substanciais nas aves e nos réptiles, os grupos máis vulnerábeis fronte o lume. O aire tamén sofre consecuencias. Alén das problemáticas de saúde que se poden xerar nos organismos humanos, as emisións gasosas que se desprenden dunha zona queimada son valores degradativos para a biosfera

"Tras os incendios, o monte queda desvalorizado e o silvicultor desmoralizado. É a sociedade a grande afectada porque perde todos os ben intanxíbeis que ofrece o monte de balde"

e para a capa de ozono. Sábese que o 16% das emisións de dióxido de carbono xeradas no planeta débense tan só aos incendios forestais.

Os incendios potencian a presenza de elementos nutritivos nos leitos fluviiais e afectan a calidade da auga, mais

un efecto moi notorio maniféstase nos caudais. As achegas de auga aos ríos van ser maiores (o incremento anual dos caudais por efecto dos lumes pode situarse entre o 30% e o 50% en Galicia). Isto unido a fortes e concentradas chuvias, cuncas hidrográficas con pendentes fortes, máis do 30% da cunca queimada, a falla de desbroce nos montes, ou a urbanización descontrolada, pode dar lugar a episodios coma os vividos recentemente en Cee, en Carnota en 2005, en Quiroga en 2003 ou en Muros no ano 2000. Por iso, débese de atender especialmente a aquelas zonas devastadas por lumes tardíos (setembro) e crear unha conciencia e cultura colectiva do risco, afirmou Díaz-Fierros, para evitar catástrofes sorprendentes.

Un dos encargados de analizar as consecuencias sociais e económicas do lume foi o presidente da Asociación Forestal Galega (ASFOGA), Francisco Fernández de Ana Magán, quen dixo que os efectos dependen de se o monte é propiedade de silvicultores ou absentis-

melloran o valor ecolóxico dos ecosistemas. Casal apuntou estratexias de restauración como a utilización de sementes de herbáceas xunto con palla dalgún cereal, a conservación de restos de arborado e mato de funcionalidade protectora, a introdución de especies rebrotadoras, a mestura de especies e, nalgúns casos, evitar a excesiva intervención no solo.

Pola súa parte, Pablo Ramil expuxo técnicas e metodoloxías a empregar na rexeneración de espazos protexidos. Co propósito de protexer a biodiversidade e

"O sistema silvopastoril permite acadar un 25% máis de rendibilidade económica fronte ao manexo agrícola tradicional"

o valor ecolóxico especial dos espazos protexidos non é recomendábel a eliminación de matos ou uceiras nin a restauración con especies alóctonas ou non propias deses lugares. Por este motivo, a recuperación vexetal nos espazos protexidos é máis complexa que en calquera outro territorio e debe primar a rexeneración natural fronte calquera tipo de intervención. Tras a queima é preciso,

segundo explicou Ramil, establecer medidas de control que restrinxan a circulación de viandantes, animais ou outro axente perturbador polas zonas afectadas polo lume. O coñecemento preciso dos ecosistemas nos que se actúa deber ser o factor guía da restauración, empregando preferibelmente métodos de bioenxeñería. Branca Villares ilustrou na práctica o resultado e experiencia do voluntariado no uso de técnicas recomendadas para a recuperación do monte tras os incendios do pasado verán.

DESDE A PERSPECTIVA AGRARIA

Con sistemas de manexo agroforestal, en particular o silvopastoril, dos montes galegos fronte aos sistemas exclusivamente forestais, obtéñense beneficios a curto e medio prazo, segundo indicou Rosa Mosquera. O sistema silvopastoril permite acadar un 25% máis de rendibilidade económica fronte ao manexo agrícola tradicional. Mostra unha maior compatibilidade coa introdución de especies autóctonas de calidade, optimiza o uso dos recursos a escala espacial, diminúe o risco de incendios polo efecto positivo da presenza de animais, favorece a biodiversidade e redonda en vantaxes sociais.

Por outra parte, o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias sinalaron como cuestión de fondo dos incendios forestais o abandono do rural e a desaparición de explotacións agrarias,

"O abandono do rural e a desaparición de explotacións agrarias, consecuencia da Política Agraria Común, son factores de fondo dos incendios forestais"

ambas as dúas consecuencias directas da aplicación dunha Política Agraria Común belixerante cos intereses do agro galego. Culparon á Administración galega anterior de destinar todos os fondos europeos de desenvolvemento do medio rural á reforestación case total de terras agrarias. A reformulación da PAC non mudou esta política. Medidas como o fomento de sistemas agroforestais, a creación de figuras xurídicas que favorezan o agrupamento de propietarios forestais, a recuperación dos montes abandonados e a creación dun medio rural digno con posibilidades socioeconómicas e ambientais de futuro son tarefas que están por facer.

CONCLUSIÓN DAS XORNADAS DOS LUMES

CÓMPRE UNHA NOVA POLÍTICA FORESTAL CONSENSUADA QUE POÑA EN VALOR O MONTE

Galiza está inmersa nunha revolución social, territorial e mesmo climática, que exige unha actuación enérxica e valente por parte da administración e de toda a cidadanía. As mudanzas sociais, interactúan coas mudanzas ambientais, provocando os desastres que coñecemos este verán como grande vaga de lumes, mais tamén están detrás doutras desgrazas como as enchentes, ou a destrución dos bancos marisqueiros.

A desorganización dun territorio submetido á unha presión urbanística sen paralelo na historia, en combinación coas plantacións masivas de especies pirófitas, o abandono do agro como unidade produtiva plural, alén da perda dunha cultura baseada nunha explotación sustentábel do medio, deron como resultado a facilidade de prender lume e que os incendios acaden a categoría de catástrofe, como ven acontecendo desde hai varias décadas.

Despois de escoitar e debater as diferentes argumentacións expertas e posicionamentos, a asociación ADEGA chegou ás seguintes conclusións:

- Demándase unha nova política forestal, que implique unha viraxe de leme para investir a tendencia ao abandono do agro. Unha nova política agroforestal que atenda á problemática das especies invasoras como o eucalipto, por ser pirófito, e as sitúe no lugar ecolóxico que lles corresponda.
- Unha política agroforestal que naza dun grande pacto político e social. Implicados nela os diferentes departamentos da administración: Industria, Medio ambiente, Educación, Ordenación do territorio, Presidencia, etc, así como Comunidades Veciñais de Montes de Man Común e propietarios forestais.
- Unha política agroforestal que contemple a adaptación ao mundo moderno de antigas prácticas agrícolas como o silvopastoreo, como xeito de aproveitamento sustentábel do monte.
- Unha actitude política da Xunta, en xeral, para escoitar e aproveitar as propostas do mundo científico, en particular galego, que levan experimentando e traballando nas causas, prevención, e recuperación dos incendios.
- Unha política da Xunta que elabore protocolos de prevención e atención a saúde humana, que agora están desatendidas.
- Unha política educativa, tanto regrada como dirixida á poboación en xeral, para que comprendan e valoren a importancia do medio e do monte en particular.

Acadamos o compromiso de parte do Director xeral de Montes (Consellaría de Medio Rural) e do Director Xeral de Desenvolvemento Sustentábel (Consellaría de Medio Ambiente) de incidiren na transversalidade do problema dos incendios en toda a Xunta de Galiza e de promover ese grande pacto político que se demanda, así como na implementación de novas políticas agroforestais encamiñadas á prevención dos incendios. Tenderase á profisionalización dos corpos de extinción, e ao establecemento de unidades permanentes de prevención de incendios.